



ANEXO 1: DOCUMENTO DE CRITERIOS DE SELECCIÓN E VALORACIÓN PARA A FCT CON PROGRAMA ERASMUS

A formación integral do alumnado de formación profesional esixe complementar as actividades formativas do centro educativo con outro tipo de actividades e experiencias nun contorno e nun contexto real que ten difícil cabida nas aulas e nos laboratorios. De aí a necesidade de colaboración cos centros de traballo, onde o alumnado viva unha situación real nun contorno produtivo semellante ao que vai atopar nun futuro próximo, que lle sirva a súa vez como adaptación ao mundo do traballo e como etapa final da súa anterior formación.

Coa realización da Formación en Centros de Traballo noutro país preténdese ademais que o alumnado mellore as súas competencias sociais, aumenta o respecto á diversidade e fomenta o aumento das competencias lingüísticas e profesionais. No ámbito profesional a mobilidade é un medio para adquirir coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento, é dicir, competencias e cualificacións adaptadas ao espazo sen fronteiras da Unión Europea.

A selección de estudantes para a realización da Formación en Centros de Traballo fora de Galicia realízase a través do IES As Fontiñas de conformidade coas pautas establecidas pola Axencia Nacional.

O Centro garantirá que os criterios de selección se apliquen de forma xusta, equitativa, transparente e coherente. Tódolos requisitos relativos á selección de alumnado serán totalmente transparentes, documentados e postos á disposición de tódalas partes involucradas no proceso de selección. Os criterios de concesión das axudas e o procedemento faranse públicos (sen vulnerar os dereitos derivados da Lei de Protección de datos).

O número de prazas dependerá das becas ERASMUS concedidas ao centro en cada curso académico. As prazas deberán ser ocupadas nun 50% para cada unha das dúas familias profesionais que ten o IES As Fontiñas: Administración e Edificación e Obra Civil. Excepcionalmente se non existise alumnado dunha familia profesional disposto a cursar a FCT no estranxeiro as prazas desa familia poderían acumularse en alumnado da outra familia profesional.

O IES As Fontiñas, cando sexa posible, informará do número de solicitudes para a realización da FCT no estranxeiro e dos posibles países de acollida (esta información será de carácter orientativo). Elaborarase unha lista co alumnado candidato e cunha antelación mínima de 2 meses ao período de realización da FCT no estranxeiro publicarase a lista de alumnado pre-seleccionado. Dita lista recollerá alumnado en reserva (se existe un número suficiente de alumnos/as solicitantes).

Tódolos candidatos (tanto os seleccionados como os non admitidos) serán informados individualmente pola organización do Programa Erasmus sobre os resultados da selección (incluíndo a súa posible inclusión nunha lista de reserva).

O Centro garantirá que a selección dos beneficiarios finais sexa coa suficiente antelación para permitir a preparación eficiente deste período de formación en centros de traballo no estranxeiro.

Hai que ter en conta que a asignación de empresas dependerá en gran medida dos coñecementos de linguas e da adaptación aos requirimentos da empresa.

O IES As Fontiñas establece os seguintes criterios e valoracións para a concesión das mobilidades:

CRITERIOS	VALORACIÓN									%	Min.	
Expediente académico do alumnado	Aprobado			Ben		Notable		Sobresaínte			20%	10%
Coñecementos de linguas estranxeiras	L1			L2			L3					
	Nivel A	Nivel B	Nivel C	Nivel A	Nivel B	Nivel C	Nivel A	Nivel B	Nivel C	50%	30%	
<u>Motivación Persoal :</u> Interese amosado pola experiencia durante o curso académico Actitude										20%	10%	
Solicitude dentro de prazo										10%	50%	
TOTAL VALORACIÓN												

ESPECIFICACIÓNS:

1.VALORACIÓN DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.

O expediente académico valorarase segundo a media obtida en dito expediente (datos de XADE).

2.VALORACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS.

LINGUA 1: Nivel B1: 30%

Nivel B2 ou C: 50%

LINGUA 2:Nivel A2: 20%

Nivel A1: 10%

LINGUA 3:Nivel A1: 10%



Os coñecementos de linguas xustificaranse con documentación acreditativa de nivel expedida por centros oficiais ou con proba de nivel desenvolvida polo profesorado do IES As Fontiñas.

3. VALORACIÓN DA MOTIVACIÓN PERSOAL DO ALUMNADO POLA EXPERIENCIA ERASMUS.

Para valorar este aspecto terase en conta a actitude amosada polos alumnos/as durante todo desenvolvemento deste proceso.

4. VALORACIÓN DA SOLICITUDE EN PRAZO.

O prazo para a solicitude de participación nos programas ERASMUS publícase na páxina web do centro.

O período ordinario para a realización de solicitudes rematará o 15 de xaneiro de cada curso.

As solicitudes nos ciclos superiores de 2000 horas realizaranse no primeiro curso (coa data límite citada anteriormente) coa previsión de realizar a FCT no 3º trimestre do segundo curso (abril-xuño). A partir da solicitude realizarase un seguimento de ditas solicitudes en función dos resultados acadados polo alumnado.